

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE PONTEAREAS PARA AUMENTAR A DISPOÑIBILIDADE DE SOLO INDUSTRIAL NO CONCELLO DE PONTEAREAS, A TRAVÉS DA REDACCIÓN DOS INSTRUMENTOS URBANÍSTICOS DE PLANEAMENTO NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DO SECTOR DE SOLO URBANIZABLE IDENTIFICADO COMO IND-01 A LOMBA NO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE PONTEAREAS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de industria da Consellería de Economía, Industria e Innovación, Nicolás Vázquez Iglesias, DECLARA:

Que esta consellería formalizou co concello de Ponteareas o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a súa sinatura o día 14/11/2023 ata o 31/10/2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto: Establecer as liñas de colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación, e o concello de Ponteareas para aumentar a dispoñibilidade de solo industrial no Concello de Ponteareas, a través da redacción dos instrumentos urbanísticos de planeamiento necesarios para o desenvolvemento da zona denominada Lomba, para a súa ordenación e transformación, o que permitirá o desenvolvemento futuro de actividades económicas e industriais na dita zona

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Consellería de Economía, Industria e Innovación ten atribuídas competencias nos ámbitos da promoción e dinamización da economía, promoción e fomento do crecemento e consolidación das empresas, así como a coordinación e fomento da dispoñibilidade de solo empresarial, en colaboración coa consellería competente en materia de vivenda e solo



O concello de Ponteareas ten, entre os seus obxectivos, o fomento da actividade económica industrial no seu termo municipal, como factor clave para a creación de riqueza e emprego na zona. Entre as actuacións prioritarias, necesarias para acadar este obxectivo, atópase o aumento da dispoñibilidade de solo empresarial e industrial, mediante o desenvolvemento e ordenación dos solos susceptibles de ser utilizados por parte de industrias e outras actividades empresariais para a súa implantación. Entre as zonas con maior potencial do concello de Ponteareas atópase o sector de solo urbanizable IND-01 A LOMBA, cuxo desenvolvemento se considera prioritario no marco das políticas de promoción de actividades económicas e industriais deste termo municipal. Non obstante, co fin de levar a cabo o dito desenvolvemento, é imprescindible a súa ordenación, harmonización e posta en valor a través dun instrumento de desenvolvemento urbanístico axeitado, que permita, paralelamente, potenciar nesta área novos proxectos industriais e actividades económicas que non necesiten grandes superficies para a súa implantación (tendo en consideración a súa localización no tecido urbano, próximo á vila), e solucionar as conexións viarias do ámbito.

Polo que, atendendo ao carácter singular que se deriva das excepcionais circunstancias nas que se realizan as actividades obxecto de convenio, concorren circunstancias que determinan a dificultade de promover a concorrência dada a finalidade e as características específicas das actuacións a realizar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria.

Santiago de Compostela, a data da sinatura dixital

